

TÍTULO VII.- SUBVENCIONES

CAPÍTULO 1º.- NORMAS XERAIS

BASE 51ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes normas serán de aplicación a toda clase de axudas e subvencions cuxa xestión corresponda na súa totalidade ao Concello de Arzúa.

Entenderase por axuda ou subvención toda disposición gratuíta de fondos municipais que se outorgue con cargo ao orzamento xeral do Concello a favor de persoas ou entidades públicas ou privadas, para fomentar unha actividade de utilidade ou interese social ou para promover a consecución dun fin público ou que, en xeral, contribúa ao desenvolvemento dos intereses peculiares do municipio.

En aplicación do artigo 9.2.a) do RD 500/90, sinalanse na base seguinte as subvencions que o Concello de Arzúa consigna nominativamente nos seus orzamentos. En todo o demais, de acordo co disposto no artigo 9.3 do RD 500/90, estas bases de execución remítense ao regulado na Ordenanza xeral de subvencions aprobada polo Pleno da Corporación.

BASE 52ª.- SUBVENCIONES NOMINATIVAS

A través da presente base de execución do orzamento establécense como subvencions nominativas, cunha porcentaxe máxima de financiamento do 100% ata o límite cuantitativo establecido na seguinte táboa, as seguintes:

BENEFICIARIO	IMPORTE	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMT.
Asociación Sociocultural Nosa Sra do Carme	19.000	Organización Festa do Carme	338.480.00
Asociación sociocultural Cutinocho	2.500	Organización Festa dos Botes	338.480.00
Asociación Amigos do Cabalo O Estribo	6.000	Organización Feira do Cabalo	439.489.00

Asociación Festa da Gaita	2.300	Actividades exaltación da cultura tradición galegas	338.480.00
IES Arzúa	1.500	Viaxes proxectos formativos educativos	321.480.00
CEIP Arzúa	900	Viaxes proxectos formativos educativos	321.480.00
Colexio Nosa Sra. Atocha	600	Viaxes proxectos formativos educativos	321.480.00
Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa	3.000	Promoción do comercio en Arzúa	431.480.00
Asociación Socio-educativa Antonio Gandoy	1.684,40	Actuacións socio-educativas e atención á infancia, especialmente no ámbito rural	231.480.00
ASOCIACION PROTECTORA ANIMAIS DO CAMIÑO APACA	4.000	Actividades de protección e acollemento animais abandonados	311.480.00
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CRUCEIRO SANTA MARAI	2.000	Actividade "Queima do Castelo"	
Asociación AMARAY	2.500	Gastos xerais funcionamento Axuda transporte CRD Amarai	231.480.00
Hijas de Santa María de la Providencia	700	Acción social	231.480.00
CSD ARZUA	5000	Realización campus deportivo Insua-Quintela	341.48000

CSD ARZUA	5000	Realización mapa de Arzúa Queixo Arzúa Ulloa	334.48000
-----------	------	---	-----------

Para a tramitación de subvención nominativas con cargo ao orzamento municipal requerirase que o beneficiario aporte, con carácter previo á concesión, a seguinte documentación:

- 1.- Memoria das actividades a realizar e calendario das mesmas
- 2.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade, que incluírá coa maior desagregación posible:
 - Gastos de personal
 - Gastos correntes en bens e servizos orixinados directamente pola actividade . Non se financiarán gastos correntes de funcionamento da entidade tal como gastos telefónicos, gastos en enerxía eléctrica, material de oficina, etc que non sexan orixinados directamente pola actividade a financiar, extremo este que deberá xustificarse en todo caso.
 - Orzamento de ingresos da actividade, con indicación das fontes de financiamento.

3.- Acreditación de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Arzúa. Para elo achegarase un certificado expedido pola Administración Tributaria e pola Seguridade Social. Tamén se achegará un certificado expedido polo Concello de Arzúa conste que o solicitante non é debedor por ningún concepto á Tesourería Municipal, sen que no mesmo se inclúan as débedas que están en período voluntario de pago. A entidade poderá autorizar ao Concello para que recabe directamente os datos das administracións.

O importe máximo de axuda que se concederá será o consignado para tal finalidade nos orzamentos municipais e especificado nas bases de execución do orzamento.

A tramitación esixirá a sinatura dun convenio entre o Concello de Arzúa e o beneficiario da axuda, que terá o carácter de bases reguladoras da concesión, de conformidade co artigo 65 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de subvencións.

No expediente de concesión de subvención nominativa acreditaranse as causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da mesma e que non é posible promover a concorrência.

O prazo para a xustificación das axudas rematará o día 30 de novembro. Dendo o 30 de novembro ata finais do exercicio orzamentario realizaranse as actuacións tendentes ao recoñecemento da obriga e pagamento correspondente.

Os servizos municipais que xestionen as subvencións tramitarán o requerimento a que se refire o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións para o suposto de que remate o prazo de xustificación de axudas sen que a dita xustificación se efectúese.

O modelo de convenio sen prexuízo das adaptacións que se requiran en cada caso concreto segundo ás especificidades de cada subvención será o seguinte:

“En Arzúa, a de de 2019, REUNIDOS

D., Alcalde – Presidente do Concello de Arzua, c/ Santiago, núm.2, 15810 ARZUA (A Coruña), en nome e representación do mesmo, e por outra banda

D. con DNI número, en representación da, con NIF e domicilio

Tendo en conta a resolución de alcaldía número do ... de de 2019 pola que se lle concede á unha subvención con cargo á aplicación orzamentaria do Orzamento Xeral do 2019, por un importe de €.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e artigo 2 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa; segundo os cales serán subvencións as disposicións diñerarias realizadas polo Concello suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular; debendo cumprir os beneficiarios coas obrigas materiais e formais que se estableceran; tendo por obxecto estas conductas o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas, e tendo en conta o disposto no artigo 19 na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Arzúa, así como as Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2018.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Arzúa e, para financiar os gastos ocasionados con motivo da realización da actividade, e co obxecto de formalizar esta colaboración as partes acordan suscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Concello de Arzúa está interesado en colaborar economicamente coa para subvencionar

SEGUNDA.- O Concello de Arzúa contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de€, o que representa unha porcentaxe de% sobre o total dos gastos manifestados na memoria que se une á solicitude que inicia o expediente. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria

TERCEIRA.- A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o beneficiario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal e outros ingresos de natureza pública ou privada, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

CUARTA.- A entidade comprométese á realización das actividades que para as que se outorga a axuda; comprometéndose a través do/a seu/súa presidente/a D..... á asunción dos gastos que orixinen ditas actividades; así como ás tarefas de xustificación da subvención concedida ó efecto. Non serán subvencionables os gastos en adquisición de mobiliario ou calquer outro gasto en investimento.

QUINTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO.- Constitúen obrigas do beneficiario:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

2. O beneficiario comprométese a dar a publicidade que sexa conveniente ao Concello de Arzúa por esta colaboración.

3. O beneficiario está obrigado, cando así sexa requerida polo Concello, a xustificar o cumprimento do establecido nas cláusulas deste convenio. Ademais, deberá someterse, cando así se lle requira, ás actuacións de comprobación e control financeiro por parte da intervención xeral do Concello.

4. Deberá comunicar ao Concello a obtención de calqueira outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie a actividade que se subvenciona, sen que en ningún caso, o importe das subvencións poida ser de tal contía que, aislada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos supere o coste da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. O beneficiario deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos, así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable, có fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

SEXTA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACION.- A xustificación baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, **antes do 30 de novembro do ano 2019**, salvo que se aprobe outro prazo adicional polo Concello. Deberá presentarse a documentación seguinte:

- a. Anexos I e II debidamente cumplimentados
- b. Facturas, nóminas ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados; e que deberán de importar, como mínimo, a contía da subvención concedida. No caso de obterse axudas doutras administracións públicas deberá xustificarse gasto por unha contía igual á suma de todas as axudas, noutro caso reducirase proporcionalmente a axuda outorgada polo Concello.
- c. Xustificantes dos pagamentos efectuados
- d. Acreditación da publicidade da colaboración económica por parte do Concello de Arzúa

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, tramitarse o requerimento ao que fai referencia o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SÉTIMA: PAGAMENTO.- O pagamento da subvención concedida farase efectivo da seguinte maneira:

- Un 80% da contía con carácter prepagable, coincidindo coa sinatura do presente convenio.
- 20% restante, unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados

OITAVA.- REINTEGRO.- O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revocación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas declaracións, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.- En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións”.

Tramitaranse como subvención directa as aportacións anuais, realizadas polo Concello de Arzúa como membro socio das seguintes asociacións, segundo resulte dos respectivos acordos ou convenios de adhesión:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMT.
--------------	------------	--------------------

Federación Galega de Municipios e Provincias	Cota afiliación	920.480.01
Federación Española de Municipios e Provincias	Cota afiliación	920.480.01
Museo do Pobo Galego	Socio Colaborador	331.480.01
Mesa pola Normalización Lingüística	Socio Colaborador	331.480.01
EMUGA	Cuota de socio	339.480.01
Mancomunidade de Municipios do Camiño Francés	Aportación anual á Mancomunidade	336.463.00

BASE 53ª.- COMPETENCIA

As subvencións non nominativas outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxetividade, logo do cumprimento das normas reguladoras para a concesión de subvencións que regula a Lei 38/2003 xeral de subvencións, e Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Nas subvencións de concorrencia competitiva o órgano competente para a aprobación da convocatoria de axudas, así como para a concesión das mesmas será a Xunta de Goberno Local. A aprobación da xustificación das axudas corresponde a alcalde-presidente.

Para as subvencións nominativas e aquelas outras que se outorguen mediante o sistema de concesión directa, o órgano competente para o seu outorgamento será o alcalde-presidente, cando a contía das mesmas, individualmente considerada non exceda de 6.000 €, noutro suposto a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local.

BASE 54ª.- XUSTIFICACIÓN DO EMPREGO DAS ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS

De conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno da Corporación asignou a cada grupo político municipal unha dotación económica, cun compoñente fixo para cada grupo e outro variable en función do número de membros adscritos ao grupo.

Conforme á normativa citada, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida, e a dita asignación non poderá ser destinada á remuneración de persoal de calquer tipo ao servizo de corporación nen á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Coa finalidade de facilitar o cumprimento deste acordo, establécense as seguintes normas:

1º.- Os grupos políticos municipais deberán dispor dun NIF propio do grupo, e facilitarán unha conta bancaria propia na que se rexistrán os ingresos da dotación, así como os pagamentos efectuados con cargo á mesma.

2º.- Calquer gasto efectuado con cargo a esta dotación deberá estar respaldado coa correspondente factura (ordinaria ou simplificada, segundo proceda de conformidade do Real decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan

as obrigas de facturación). Os grupos deberán conservar a documentación xustificativa e rexistros contables durante un período mínimo de catro anos.

3º.- Os fondos destinaranse á realización de actividades e servizos como alugamentos, material ordinario non inventariable, comunicacións telefónicas, transportes, estudos e traballos técnicos, publicidade, traballos profesionais, etc . En todo caso serán gastos ocasionados con motivo da función propia do grupo político municipal dentro da Corporación.

4º.- A xustificación dos fondos efectuarase nos dous primeiros meses de cada exercicio, e estará referida á contabilidade do exercicio inmediato anterior, agás no caso de primeira xustificación a cal se referirá a todas as anualidades non xustificadas ata o momento. A xustificación dos fondos obtidos no último ano do mandato deberá xustificarse antes da finalización do mandato.

A documentación xustificativa presentarse no Rexistro xeral do Concello e posteriormente será remitida á Intervención municipal coa finalidade de que esta emita un informe a cerca do cumprimento do marco normativo que regula esta asignación, así como do establecido na presente base de execución. Do dito informe darase conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre con posterioridade a súa emisión.

A xustificación das asignacións efectuarse na forma establecida no acordo plenario polo que se aproban as mesmas, e en defecto de regulación expresa, admitiranse como xustificación dos gastos a declaración responsable de cada portavoz, da aplicación dos fondos recibidos ás finalidades descritas anteriormente e previstas na normativa de aplicación. A declaración responsable efectuarse no modelo facilitado pola intervención municipal e nela relacionaranse os conceptos, importes e demais datos dos xustificatnes dos gastos realizados, que deberán importar como mínimo o importe anual da dotación recibida, e na mesma farase constar expresamente que os gastos están vinculados exclusivamente á actividade propia do grupo municipal dentro da Corporación. No suposto de que non se xustifique a totalidade dos fondos percibidos esixirase ao reintegro das cantidades sobrantes.

El pago de los fondos a los grupos políticos se efectuará por mes vencido, en la primera quincena del mes siguiente al del vencimiento.